



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TEO

*Aprobación definitiva mutación demanial subxectiva con transmisión de titularidade de ben inmovible ao SERGAS para a construción dun novo centro de saúde no Concello de Teo*

#### ANUNCIO

Para dar cumprimento á cláusula segunda do Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Teo para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no Concello de Teo, asinado o 30 de marzo de 2023, o Pleno municipal, na sesión ordinaria do 30 de outubro de 2024, acordou aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva, con transmisión de titularidade a favor do SERGAS, da finca 1861-1-1862 do plano xeral de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, para a construción dun novo centro de Saúde no Concello de Teo, sen cambiar a súa natureza de ben de dominio público afecto a un servizo público.

De acordo co exposto, someteuse o expediente a información pública mediante anuncio no BOP (06/11/2024), no taboleiro de anuncios da Corporación (06/11/2024) e na web municipal (06/11/2024), durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP de A Coruña, para que as persoas interesadas puideran presentar as alegacións e/ou reclamacións que estimaran pertinentes, facendo constar que no caso de non formularse alegacións e/ou reclamacións, consideraríaase aprobada definitivamente, debéndose facer público no BOP

De acordo co exposto e ao non formularse alegacións e/ou reclamacións durante o trámite de información pública, considérase aprobada definitivamente a mutación demanial subxectiva, con transmisión da súa titularidade ao SERGAS da finca 1861-1-1862 do plano xeral de concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, para a construción dun novo centro de Saúde no Concello de Teo, sen cambiar a súa natureza de ben de dominio público afecto a un servizo público.

O que se fai pública para xeral coñecemento.

Teo, a 10 de decembro de 2024.

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz